

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día vinte e seis de novembro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de novembro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 19 de novembro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 12 de novembro de 2018, do Concello de Culleredo, sobre a aprobación definitiva do Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino. DOG núm. 221 do 20-11-2018.
- Orde do 20 de novembro de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2018 (cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). DOG núm. 224 do 23-11-2018.

Código do documento	Código do expediente
USG12I012I	USG/2018/204
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3B4S 5A5Y 194H 6T5O 08WW	

- Resolución do 15 de novembro de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convoca a xornada A Constitución española o seu corenta aniversario. DOG núm. 224 do 23-11-2018.
- Anuncio do 21 de novembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino, á publicación da normativa e das ordenanzas. BOP núm. 223 do 22-11-2018.
- Anuncio do 21 de novembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para cubrir polo sistema de concurso-oposición dunha praza de "Inspector/a (promoción interna)". BOP núm. 225 do 26-11-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1774 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á TECNOMECÁNICA FIAÑO, SL, para a actividade de alugamento, venda e reparación de carretillas elevadoras e plataformas aéreas situada na Avda. de Alvedro, núm. 33.
- Resolución núm. 1775 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.^a M. P. R., para a actividade de academia de ensinanza situada na R/. Francisco Largo Caballero, núm. 13, do Burgo.
- Resolución núm. 1776 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.^a R. C. G., para a actividade de café – bar situada na R/. Amparo López Jean, núm. 6 – baixo, Rutis.
- Resolución núm. 1777 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. M. G. G., para a actividade de oficina situada na R/. Sanjurjo de Carricarte, núm. 12 – baixo esquerda, no Burgo.
- Resolución núm. 1778 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.^a N. S. O., para a actividade de comercio polo miúdo de libros, periódicos, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes, situada na R/. Andrés Pan Vieiro, núm. 12, local 1, O Burgo.
- Resolución núm. 1779 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. F. J. R. S., para a actividade de construción de edificios non residenciais, situada no polígono industrial A Marisqueira, núm. 38, nave 2, Almeiras.
- Resolución núm. 1780 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.^a M. R. B. M., para a actividade de adorno de templos e outros locais, situada no paseo Profesor Tierno Galván, núm. 13 – baixo esquerda, O Burgo.
- Resolución núm. 1781 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á ISBELUX LED, SL, para a actividade de distribución de material eléctrico situada na R/. B, nave 7, do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 1782 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. V. S. F., para a actividade de 'outras actividades deportivas', situada na Avda. Xoán Carlos I, núm. 16 – baixo esquerda, O Burgo.
- Resolución núm. 1783 de data do 16/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á AEROPORTO DA CORUÑA, para a actividade de aeroporto, no termo municipal de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
USG12I012I	USG/2018/204
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3B4S 5A5Y 194H 6T5O 08WW	

- Resolución núm. 1788 de data do 19/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D. A. C. D., para a actividade de servizos de mensaxería, recadería e reparto, situada na R/. José Espronceda, núm. 17, Almeiras.
- Resolución núm. 1789 de data do 19/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á CAAMAÑO SISTEMAS METÁLICOS, SL, para a actividade de 'showroom – exposición de tendas piloto e estands de moda', situada na R/. A, nave A-37, do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 1790 de data do 19/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á D.^a E. J. C. O., para a actividade de lavandería autoservizo, situada na R/. As Brañas, núm. 1, baixo esquerda, Rutis.
- Resolución núm. 1791 de data do 19/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á ASESORÍA CAMINO, SL, para o local situado na praza Daniel R. Castelao, núm. 17, baixo esquerda, Rutis.
- Resolución núm. 1792 de data do 19/11/2018, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á EFITERMIC, SL, para a actividade de 'frío – calor', situada na Avda. Vilaboa, núm. 34, baixo dereita, Rutis.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

C.I.F. P-1503100-H

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
12/11/18	1725	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder o servizo de Xantar na casa .	C. O. S. R.	Dúas horas á semana (agás festivos). Sete días da semana.
12/11/18	1726	Conceder a redución no horario do servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder a baixa no Servizo de Xantar na Casa. Conceder e dar traslado á empresa concesionaria do novo enderezo.	A. T. A.	Catro horas á semana (agás festivos).
15/11/18	1755	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	P. A. M. E S. A. R.	Tres horas á semana (agás festivos).
15/11/18	1756	Baixa no servizo municipal de Axuda a domicilio por libre concorrencia ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha	M. B. S. E S. C. B.	

		prestación de 8 e 9 horas mensuais respectivamente dende o día 01/12/2018, segundo aprobación do Programa de Atención individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.		
15/11/18	1770	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concurrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 8 e 9 horas mensuais respectivamente dende o día 01/12/2018, segundo aprobación do Programa de Atención individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	M. B. S. E S. C. B.	

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
12/11/18	1727	Conceder unha axuda económica.	A. M. M. O.	<p>Pago de recibos de comunidade (12 cuotas de xaneiro a decembro de 2018).</p> <p>Pago de recibos de electricidade, correspondentes a seis meses.</p> <p>Pago de recibos de auga, correspondentes ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2018.</p> <p>Pago de recibos de gas, correspondentes a catro meses.</p> <p>Conceder Bono de alimentos tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual.</p>	420,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG12I012I	USG/2018/204
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3B4S 5A5Y 194H 6T5O 08WW	

C.I.F. P-1503100-H

				Conceder o Bono de hixiene tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual.	
12/11/01	1728	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y. D. C.	Recibo de gas, correspondente ao período comprendido entre o 09.08.2018 ao 08.10.2018.	13,60 €
12/11/18	1729	Conceder unha axuda económica.	E. S. V.	Pago de recibos de electricidade, correspondente a tres trimestres de 2018. Pago de recibos de auga, correspondente a tres trimestres de 2018. Pago de recibos de comunidade, correspondente a doce meses de 2018.	612 €
15/11/18	1769	Conceder unha axuda económica.	V. L. B.	Pago de aluguer, correspondendo 310 € os meses de setembro, outubro e novembro e 145,68 € o mes de decembro de 2018.	1.075,68 €

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
29/10/2018	1665	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	M.D.P.V.R	10 anos.
09/11/18	1722	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	J. A. A. C.	10 anos.
12/11/2018	1734	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	C.L.R.	10 anos.

“

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

Código do documento	Código do expediente
USG12I012I	USG/2018/204
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3B4S 5A5Y 194H 6T5O 08WW	

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: *Observando aves.*
Programa: Educación ambiental
Datas: 27 e 30 de novembro.
Horario: de 10:00 a 13:00 h.
Colexios participantes: CEIP Tarrío,
Curso: 5º de EP.
Nº participantes: 90.
Lugar: Aula de Natureza, Xardín Botánico e Ría do Burgo.

ACTIVIDADE: *Obradoiro de arte: Urbano Lugrís González en Culleredo.*
Programa: Educación musical e artística.
Datas: 26, 28 e 29 de novembro.
Horario: de 09:30 a 13:45 h.
Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Ría do Burgo e CEIP Culleredo.
Curso: 4º de EP.
Nº participantes: 140.
Lugar: Aulario e igrexa de Vilaboa.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 26 DE NOVIEMBRE

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.00 h:
Concerto didáctico de trompeta, conxunto e música de cámara.
Entrada libre.

MARTES 27 DE NOVIEMBRE

Hall do andar C do Conservatorio. 18.30 h:
Concerto express. Ángel García (trompeta) e Vicente Castro (piano).
Entrada libre.

MÉRCORES 28 DE NOVIEMBRE

Conservatorio de Música de Culleredo. 17.00 h:
Concerto didáctico de canto e coro.
Entrada libre.

XOVES 29 DE NOVIEMBRE

Biblioteca González Garcés do Burgo.
Obradoiro de cociña saudable.
Dúas quendas: 17.00 -18.30 e 19.00 – 20.30.
Nenos /as de 7 a 12 anos. 12 prazas.

VENRES 30 DE NOVIEMBRE

Biblioteca “González Garcés” do Burgo. 18.30 h:
Contacontos coa Dragona Ramona: *Nicomedes.*
A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 30 DE NOVIEMBRE

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Teatro Malasombra: *Go on.*
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.”

Código do documento	Código do expediente
USG12I012I	USG/2018/204
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3B4S 5A5Y 194H 6T5O 08WW	

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes sentenzas:

3.1.- SENTEZA 312/2018 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CON/AD SEC. 3 003 A CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 7281/2016.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 312/2018, do 8 de novembro de 2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia CON/AD SEC. 3 003 da Coruña, Procedemento Ordinario 7281/2016, o fallo inadmite o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Culleredo en relación coa resolución do Xurado de Expropiación de Galicia do 28-04-2016 que decide se "dicte sentenza por la que se concrete en 49.274,61- € el justiprecio respecto de la finca número 1-C del proyecto expropiatorio "TERRENOS PARA EQUIPAMIENTO ESCOLAR E ZONA VERDE ANEXA NA AVENIDA DE RUTIS S/N, ZONA LAVANDEIRA, TM CULLEREDO" revocando el acuerdo de valoración de justiprecio concretado por el Jurado de Expropiación de Galicia, así como la condena en costas de quien se oponga a esta demanda". Non se impoñen custas. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de casación.

3.2.- SENTENZA 140/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO NÚM. 104/2018.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 140/2018, do 9 de novembro de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, procedemento abreviado núm. 104/2018, o fallo desestima o recurso administrativo interposto por A.T.P. contra o Concello de Culleredo e como codemandada de Mapfre España, SA sobre responsabilidade patrimonial, faise expresa imposición de custas procesuais á recorrente ata un máximo de 400€ en gastos de asistencia e representación (respecto de cada parte procesal). A sentenza é firme.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H